

VIERNES, 2 de mayo de 2008

ENTREVISTA: BIEITO IGLESIAS | ESCRITOR | LUCES

"Nas clases medias suceden poucas cousas"

DANIEL SALGADO | 2 MAY 2008

Archivado en: [Declaraciones prensa](#) [Bieito Iglesias](#) [Narrativa](#) [Gente](#) [Literatura](#) [Cultura](#) [Sociedad](#)

Para Bieito Iglesias, a novela debe encargarse "do excedente sentimental" do ser humano. "Cando a xente está encantada de coñecerse, a literatura non prospera", argumenta, "porque adoita nacer da insatisfacción".

O novelista Bieito Iglesias (Ourense, 1957) reivindica orgulloso a súa quinta de narradores. "Non sei se somos o Dream Team galego como Barnes, McEwan ou Amis son o inglés, pero na xeración do Seiscientos e da computadora hai traballos que se poden defender en calquera contexto". Iglesias fala de Xavier Queipo, de Gonzalo Navaza, de Manuel Rivas, "ou de Cid Cabido". O autor de *Miss Ourense* (1992) confesa, porén, volver seguido a Nabokov, a Saul Bellow, e escribir, cadora, con menor urxencia. "Eu lembro a Bioy Casares, que dicía que con media ducia de volumes estaba servido; non quería ocupar toda a biblioteca dos arxentinos". Bieito Iglesias regresa ás librarías, catro anos logo dos relatos de Amor e música lixeira, coa novela *Pan e coitelo*, na editorial Galaxia.

"Na novela aparece o fraguismo despótico, clientelar e paternalista"

Pregunta. Que é o pan e que é o coitelo?

"Para nós había analoxía entre a cultura popular e a cultura de masas"

Resposta. Trátase dun modismo da fraseoloxía popular galega equivalente ao castelán uña y carne. Isto enlaza cunha característica do libro, que intenta tirar rendemento aos residuos filolóxicos, ese acervo de ditos populares, adaxios, sentencias, propias do galego rural. Pero aquí o pan é, por unha banda, un conselleiro de Cultura, e por outra, un presidente da Xunta. A novela ofrece, neste marco, unha variante satírica do entrismo trotskista.

"A narrativa coincide con épocas de crise, de falta de valores colectivos"

P. Outra volta á sátira política...

R. A novela remateina en Sevilla, no verán de 2004, e trata ese período longo do fraguismo con elementos extraídos da realidade e deformados ao estilo expresionista, valle-inclanesco. Se cadra, o personaxe máis real sexa Fraga Iribarne, e a anécdota da que parte a trama: un construtor que contratara a un sicario colombiano para matar ao conselleiro Xosé Cuíña, en paz estea. Aparecen tamén algúns costumes folclóricos, da época, como a reclusión da Xunta nos conventos ou a propia dinámica do goberno, despótica, clientelar e paternalista. Ao mesmo tempo, desenvólvese unha historia policial, cun detective, Renato Nóvoa.

P. Non era que a novela con trama xa non resultaba operativa?

R. *Pan e coitelo* está escrito de xeito fragmentario, en pequenas pímulas, pero existe unha trama. A novela debe construírse como unha sinfonía, na que poden funcionar varios temas, uns secundarios e outros principais, con ritornellos... E o tempo resulta fundamental. Outro asunto resulta o fragmentarismo, que supón renunciar a contar a totalidade, pero negar a estrutura na novela implica unha literatura desosada, sen

esqueleto, todo é un caos, nada ten sentido... No canto de escribir, mecanografar, como dicía Truman Capote de Jack Kerouac.

P. Na súa obra hai un aire de nostalxia irónica, expresada decote a través da canción pop...

R. O poeta Manuel Outeiriño preguntoume un día: "Por que pos tantas cantigas nas novelas?" Naquela altura non o pensara, pero empecei a mirar e é certo, as últimas teñen unha banda sonora enorme, unha gran presenza da cultura de masas. Unha razón é que funcionan como marcadores temporais: utilizas unha canción de Palito Ortega e de contado trasládaste aos anos 50. Outra, a influencia do cinema, que ten a vantaxe de que a música subliña ou agranda unha escena, abre as portas dunha historia. Que sería d'A laranxa mecánica sen Beethoven ou de Odisea no espazo sen Strauss? Pertenzo á xeración do cinema e do cómic, e na miña literatura hai unha homenaxe a todo o que foi a cultura de masas, que introduzo para reivindicar a cultura popular.

P. Pero non existe contradición entre a cultura de masas e a cultura popular?

R. Haina, evidentemente. Eu xa non vivín a cultura nacional-popular en sentido clásico, aínda que estiven en contacto coas fontes da cultura oral a través dos meus avós labregos de Coles. Pero a cultura popular que coñecín eran restos, mestiza, que se vivía así con moita naturalidade. Por exemplo, eu, que nacera en Ourense, fiquei cos meus avós cando os meus pais emigraron e sufrín inmersión lingüística en galego. Ía canda meu avó en burro á cabeceira da comarca, á única taberna que tiña televisión, ver a teleserie do Oeste Bonanza. Atabamos a besta na porta e, na serie, os vaqueiros chegaban ao saloon e ataban o cabalo na porta. Para nós había analoxía, era case un mundo contemporáneo. Ou as orquestras, que tocaban unha peza popular e logo unha dos Brincos...

P. Emprega, nos seus libros, unha lingua moi puída. Non corre o risco de escurecer a materia tratada?

R. Non é só un risco, senón que se consumou en moitas ocasións. Coido que, desgrazadamente, hai moitos lectores que non me entenden, pero o problema supérame: se cadra tamén o inglés de Faulkner é problemático. Todas as palabras que utilizo, porén, son vividas, nunca as busco no dicionario. Porque cando escoitas unha palabra falada, ten un brillo, unha forza, diferente a cando son inertes. Pero a cuestión reside en que funcione porque, como explicaba Proust, todo escritor escribe en lingua estranxeira, nun idiolecto privado.

P. Que lingua literaria lle interesa?

R. A capacidade de Outeiriño de facer xogos de palabras, Ferrín, que colle o galego de Celanova e mete algún lusismo, o ton paródico dun Cunqueiro... A idea é conectar o aparentemente arcaico co aparentemente máis novo, os rexistros populares cos rexistros máis cultos...

P. E Risco? Hai que recuperar ao Risco narrador?

R. Está pouco lido, e era máis moderno que Otero Pedrayo, tan decimonónico. Risco combinaba o conservadurismo político coa atención ás novas correntes estéticas, e valíase dun humorismo satírico importante. Era un expresionista. Ese trazo expresionista, esaxerado, hiperbólico, é quizais máis realista do que parece. Porque, claro, hoxe vivimos na época das clases medias e nas clases medias suceden poucas cousas. As traxedias das clases medias son os tributos. Pero o expresionismo relata o mundo popular, tan duro, na que as xentes tiñan que loitar a brazo partido coa vida e todos os días pasábanlle cousas terríbeis. Esa terribilità está recollida no expresionismo.

P. Garda moitos poemas no caixón?

R. Mesmo teño un libro enteiro, pero síntome máis cómodo na narrativa. A poesía achégase máis á filosofía, a contar a esencia dunha época, mentres que a narrativa fala da continxencia, dos anacos de vida prácticos. Amais, a narrativa coincide normalmente con épocas de crise de valores, cando xa non existen valores compartidos, cando non hai relixións nin ideoloxías políticas firmes, e o individuo anda desconcertado: o exemplo é Stendhal, no que un personaxe está só pola historia e aparece na guerra de Napoleón como podía aparecer noutra calquera. A poesía, e mesmo o teatro, correspóndense con épocas máis hímnicas, cando existe a necesidade de cantar ou de arengar.